



CIRCULAR 13-2023

XII CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE LANZAMENTOS LONGOS DE INVERNO ABSOLUTO E SUB 23.

- *A todas as Delegacións da FGA*
- *A todos/as os/as asembleístas*
- *A todos os clubs galegos con licenza vixente*
- *A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente*
- *A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente*

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo XII Campionato Xunta de Galicia de Inverno Absoluto de Lanzamentos Longos o próximo 4 de febreiro (pendente de sede).

Art.2).- Poderán intervir todos/as aqueles/as atletas que teñan ficha pola F.G.A. na tempada 2023.

Art.3).- Participación:

No campionato de lanzamentos longos admitiranse as 12 mellores marcas feitas dende o 1 de Xaneiro de 2022 ata o domingo anterior á competición. Admitiranse coma mínimo 3 marcas Sub 23.

Art.4).- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA <https://sdp.rfea.es/> ata as 20:00 horas do luns 30 de xaneiro do 2023.

O prazo para realizar as baixas será dende a publicación dos aceptados ata ás 10:00 horas do mércores 1 de febreiro.

Art.5).- Haberá medallas para os tres primeiros clasificados de cada categoría tanto masculinos como femininos.

Art.6).- Os atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible en toda a súa superficie no peito, agás na pértiga que poderán levalo nas costas. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal para a colocación do dorsal.

Art.7).- Todos/as os/as atletas deberán pasar por cámara de chamadas. Os/as atletas sairán á zona de saída coa roupa de competición posta.

Art.8).- Co horario definitivo, publicarase o horario de cámara de chamadas.

Art.9).- Horario provisional.

HORARIO PROVISIONAL	
HORA	PROBA
10:45	Disco Homes
12:15	Disco Mulleres
13:45	Martelo Homes
15:15	Martelo Mulleres
16:45	Xavelina Homes
18:15	Xavelina Mulleres

*A entrega dos artefactos para homologar farase ata 70 minutos antes do comezo de cada proba, a excepción do Disco Homes que será ata as 10:00h



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

Art.10).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Nas 48 horas previas e no propio campionato calquera baixa ou a non participación final no Campionato terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo causa xustificada e comunicada previamente por escrito á FGA competicion@atletismo.gal
- Os posibles cargos derivados do incumprimento na comunicación das posibles baixas, seguirán as consideracións establecidas na normativa técnica da FGA.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos).
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo.
- A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

Art.11).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, a 17 de xaneiro de 2023

Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo